

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO:** CPI 'ARMANDO COTARELO VALLEDOR'

**CURSO:** 5º e 6º

**MATERIAS:**

- *Ciencias Sociais (6º)*
- *Ciencias da Natureza (6º)*
- *Educación Artística: Educación Plástica e Visual (5º-6º)*
- *Lingua Castelá e Literatura (6º)*
- *Lingua Galega e Literatura (5º-6º)*
- *Matemáticas (6º)*

**DATA:** 8/05/20

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	
<b>CIENCIAS SOCIAIS (6º)</b>		
B1.2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	CSB1.2.1.Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.	
B1.3.Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo	CSB1.3.1.Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.	
B1.4.Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.	CSB1.4.1.Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.	
<b>CIENCIAS DA NATUREZA (6º)</b>		
B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados. CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	
<b>EDUCACIÓN ARTÍSTICA: EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL (5º-6º)</b>		
<b>5º</b>	B2.4. Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	EPB2.4.2. Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción
	B2.6. Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.	EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas. EPB2.6.3. Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.
	B2.7. Utilizar e manexar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.	EPB2.7.1. Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación.
<b>6º</b>	B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.	EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.
	B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias. EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou

		programas).
	B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.	EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada. EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.
<b>LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (6º)</b>		
	B2.5. Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diversa índole.	LCB2.5.5. Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes.
	B2.6. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	LCB2.6.1. Ten programado un tempo semanal para ler diferentes textos. LCB2.6.2. Le voluntariamente textos propostos polo mestre ou mestra.
	B2.9. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	LCB2.9.1. Utiliza os medios informáticos para obter información.
	B3.5. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética.	LCB3.5.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal.
	B3.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	LCB3.8.1. Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficos.
	B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.
<b>LINGUA GALEGA E LITERATURA (5º-6º)</b>		
<b>5º</b>	B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dobres sentidos bastante evidentes.	LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferencia, de maneira xeral, información, opinión e publicidade de carácter bastante evidente.
	B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto sinxelo.	LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto sinxelo adecuado á súa idade.
	B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura	LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
	B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.
	B3.5. Usar as TIC, con certa autonomía, para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.4. Utiliza as TIC, con certa autonomía, para realizar presentacións elementais.
	B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.

6º	B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dúbidos sentidos.	LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferencia información, opinión e publicidade.
	B2.5. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.	LGB2.5.2. Utiliza as tecnoloxías da información para organizar a información dun texto
	B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.	LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
	B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.	LGB3.1.4. Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.
	B3.5. Usar de maneira autónoma as TIC para a busca de información, tratamento dos textos e realización de presentacións.	LGB3.5.4. Utiliza as TIC para realizar presentacións.
	B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.
<b>MATEMÁTICAS (6º)</b>		
B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación. MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.	
B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas.	MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares. MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.	
B1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.	MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros.	

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Técnicas e procedementos:</b> os procedementos e técnicas basearanse na <b>heteroavaliación</b> das tarefas do alumnado a través dunha corrección individualizada por parte do mestre.</p> <p>Cando non sexa posible levar a cabo esa heteroavaliación, utilizarase a técnica da <b>autoavaliación</b>. Deste modo proporciónaselle ó alumnado un modelo de solución desas tarefas formuladas previamente, que eles e elas mesmos deben revisar para cumprir así o principio de autoavaliación.</p> <p><b>Instrumentos:</b> Documentos PDF editables, Portafolios e/ou cadernos, cuestionarios (Google Classroom e Kahoot), creación de materiais audiovisuais (vídeos, montaxes fotográficos...) e outras producións, videoconferencias (Webex) e outras actividades en liña (interacción en Edmodo e na plataforma Edixgal con actividades individuais e colaborativas: comentarios, debates, glosario de ortografía, etc.).</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A nota final da terceira avaliación obterase, en cada área de coñecemento, calculando a <b>nota media obtida entre a cualificación da primeira e da segunda avaliación</b>.</p> <p>A maiores, o <b>alumnado que entregue máis do 85% das tarefas</b> propostas <b>sumará un punto máis</b> na cualificación dese terceiro trimestre. Esas tarefas deben cumprir <b>dúas condicións</b>:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1) <b>Teñen que presentarse dentro dos prazos de entrega establecidos.</b></li> <li>2) Deben dispor dunha <b>calidade mínima en cumprimento dos estándares de aprendizaxe avaliábeis</b> recollidos no apartado primeiro desta adaptación da programación didáctica.</li> </ol>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>As actividades que se lle formularon ó alumnado durante as primeiras semanas de confinamento fundamentáronse no <b>repaso e consolidación das aprendizaxes traballadas na aula</b> con anterioridade ó 13 de marzo de 2020, data na que se cancelou o ensino presencial.</p> <p>Posteriormente e seguindo as instrucións marcadas pola Consellería de Educación, optouse por <b>introducir unha selección de novos contidos</b> facilmente asimilables coa intención de <b>ampliar os referentes do alumnado do 5º e 6º curso de Educación Primaria</b>, pois estes últimos enfróntanse ó reto da promoción á etapa de ESO no final deste curso académico 2019/2020.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>A totalidade do alumnado do grupo de 5º e 6º dispoñen de conexión a internet.</p> <p>A metodoloxía de traballo adáptase á conxuntura actual. Así, <b>cada día traballase unha área de coñecemento</b>, buscando sempre o equilibrio do horario lectivo semanal que marca o currículo para cada área.</p> <p>O alumnado recibe as tarefas a través das diferentes plataformas en liña que detallo no seguinte apartado. Nas publicacións realizadas en cadansúa plataforma, especificanse polo miúdo as instrucións a seguir para o desenvolvemento de cada actividade. A cada unha desas tarefas establéceselle un <b>prazo límite para a súa entrega</b>.</p> <p>Mediante a utilización dos devanditos medios estamos en contacto para resolver as dúbidas e atrancos que poidan xurdir.</p> <p>Puntualmente tamén se realizan <b>videoconferencias e outro tipo de actividades</b> que fomentan as <b>habilidades sociais</b> e manteñan o <b>espírito do grupo</b>.</p> <p>Indicar finalmente que as <b>correccións</b> individualizadas ou no seu defecto os modelos para a auto-corrección, envíanse aproximadamente no <b>prazo dunha semana</b>.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Listaxe de materiais e recursos utilizados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Soporte informático: ordenador e teléfono móbil.</li> <li>- Plataforma Eva-Abalar Edixgal e libro dixital.</li> <li>- Outras plataformas de ensino virtual: Edmodo, Google Classroom, Kahoot e Webex.</li> <li>- Contidos dixitais na rede: ligazóns a bibliotecas, libros, dicionarios, vídeos divulgativos, etc.</li> <li>- Materiais funxibles para a realización doutras tarefas.</li> </ul>

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>As <b>comunicacións co alumnado</b> efectúanse polas <b>plataformas educativas mencionadas</b> no apartado anterior. Se ben tamén se habilita, <b>tanto para o alumnado como para as familias</b>, o <b>teléfono móbil persoal do mestre titor</b> para unha conexión telefónica directa que facilite de forma bidireccional ese necesario intercambio de información.</p> <p>Igualmente, facilítase tamén o <b>correo electrónico</b> para a comunicación ou para o envío de tarefas que requiren dun soporte específico para o intercambio de determinados arquivos.</p> <p>Por último, para a publicación dos boletíns de cualificacións ó remate do trimestre utilízase a aplicación <b>Abalar Móbil</b>.</p>
<b>Publicidade</b>	<p>Esta información que atinxe á adaptación da programación didáctica nas áreas mencionadas será publicada na páxina web do centro: <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiarmandocotarelo/">https://www.edu.xunta.gal/centros/cpiarmandocotarelo/</a></p>